



En febreiro ...

“Dillo ben bonito”



Concello de Laxe



Aínda que entendemos que as dedicatorias de amor, sexan de parella, de amizade ou a familiares, non deben facerse tan só un día ó ano, senón máis ben todo o contrario... Tomando como pretexto que este día existe e a súa popularidade, dende o Departamento de Cultura do Concello, propoñemos esta iniciativa para conmemoralo pero, sobre todo, para promover entre a poboación, a composición de textos breves, que destaquen pola súa fermosura, de textos con , de textos con sentimento.

Pretendemos que compartades con nós que “tendes o corazón ateigado”, que “estades namorados”, que nos fagades participes da vosa leducía... **queremos, en definitiva, coñecer os vosos sentimentos expresados en formato de texto en prosa breve, a modo de dedicatoria.**

A norma máis importante, sentir o que se escriba, amosar os sentimentos, compartir o voso corazón a través das palabras, con ou sen rima, con ou sen métrica, con ou sen estrofa...

PARTICIPA E “DEDICA AS TÚAS PALABRAS CON SENTIMENTO A TÚA PARELLA, Ó TEU AMOR PLATÓNICO, ÁS TÚAS AMIZADES, ÓS TEUS FAMILIARES POR ESCRITO”.

BASES DE PARTICIPACIÓN:

1.- PARTICIPANTES. Poderá participar nesta iniciativa, toda persoa que así o desexe sen límite de idade, presentando cada persoa **UNHA ÚNICA DEDICATORIA**, só sendo admitida a primeira escrita e eliminándose o resto.

A razón é moi simple: que todos/as teñan as mesmas oportunidades de ser elixidos/as.

Cada autor/a participará nalgunha das seguintes categorías en función da súa idade: CATEGORÍA INFANTIL, ata os 11 anos;

CATEGORÍA XUVENIL: dos 12 ós 25 anos ou CATEGORÍA ADULTA: a partir dos 25 anos.

2.- TEMA. O tema xenérico elixido é “UNHA DEDICATORIA DE AMOR”, e haberá 3 opcións para elixir:

- “A miña dedicatoria de amor a miña parella” (sexa real ou platónica).
- “A miña dedicatoria de amor ó/a meu/miña amigo/a”.
- “A miña dedicatoria de amor a un familiar”.

3.- FORMATO, EXTENSIÓN e IDIOMA. A DEDICATORIA concretarase nun **TEXTO BREVE EN PROSA QUE DEBERÁ TER UN MÍNIMO DE 15 PALABRAS E UN MÁXIMO DE 80**. Preferentemente, redactaranse en idioma galego, aínda que tamén se admitirá o castelán para aquelas persoas que non coñezan o idioma galego. **Ó COMEZO DA PUBLICACIÓN INDICARASE en letras maiúsculas A OPCIÓN** de dedicatoria elixida, xunto coa **CATEGORÍA** na que participa en función da idade da persoa que escribe. Ó remate da dedicatoria, indicarase: **Nome, apelidos e concello de residencia. Serán excluídas e eliminadas directamente aquelas publicacións con contidos que lesionen ou firan dereitos de terceiros.**

4.- PRAZO e FORMA DE PRESENTACIÓN. Dende o 3 de febreiro ás 09.00 horas, ata ás 14.00 horas do día 10 do mesmo mes, deste ano 2020. Haberá 2 MODALIDADES DE PRESENTACIÓN:

4.1. A TRAVÉS DO MURO DA PÁXINA DE FACEBOOK DA BIBLIOTECA DE LAXE: [/facebook.com/bibliotecalaxe](https://facebook.com/bibliotecalaxe).

Neste caso, as dedicatorias publicaranse como comentarios á publicación na que se recolla as bases da actividade.

4.2. PRESENCIALMENTE EN FOLIO DIN A4, que se entregará en horario de mañá, de 09.30 a 14.00 horas **no Departamento de Cultura da Casa do Concello, e/ou en horario de tarde na Biblioteca Municipal Antón Zapata.** Neste caso, será o persoal técnico do concello o encargado de publicar estas dedicatorias no muro de facebook da Biblioteca para posibilitar a súa votación.

5.- XURADO E RESOLUCIÓN. O xurado que elixirá as dedicatorias gañadoras en cada unha das categorías, seremos **todas as persoas que accedamos á páxina do facebook da Biblioteca de Laxe. A DEDICATORIA GAÑADORA, será AQUELA QUE OBTÉÑA O MAIOR NÚMERO DE EMOTICONOS CON FORMA DE CORAZÓN a día 13 de febreiro ás 14.00 horas.** O resultado farase oficial o día 14 de febreiro ás 18.30 horas na Biblioteca Municipal e nas redes, e este será inapelable.

6.- PREMIO. Consistirá na entrega dun diploma e “agasallo sorpresa” o día 14 de febreiro ás 18.30 horas na Biblioteca. O Concello de Laxe, ó longo do 2020, editará **MARCAPÁXINAS coas DEDICATORIAS GAÑADORAS,** ás que se lle dará a maior difusión posible.

7.- Toda dedicatoria que se presente ou se escriba na páxina do Facebook da Biblioteca de Laxe, pasará a formar parte do arquivo literario do Concello de Laxe, enriquecendo así o noso patrimonio cultural municipal. **Este concello, resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación** de ditas composicións sen que medie ánimo de lucro e sen que poidan ser obxecto de compravenda. En ningún caso, serán esixibles dereitos de autor por parte do escritor/a. Cada participante consinte que o Concello de Laxe faga públicos os datos persoais facilitados. No caso dos menores de idade, será preciso a presentación dun documento de autorización paterna e/ou materna.

8.- A participación supón a aceptación íntegral das bases.



SAN VALENTÍN 2020

